

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO
DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN PARA O
CURSO ESCOLAR
2022-2023**

**PLANO XERAL DE
ORIENTACIÓN
EDUCATIVA**

**IES DE RODEIRA
(Cangas)**

Índice

I. Consideracións previas.

I.1. Marco legislativo, teórico e institucional.

I.2. Xustificación e necesidades en base ao contexto.

II. Obxectivos.

III. Departamento de Orientación (DO): composición, funcións, organización e actuacións.

III.1. Composición.

III.2. Funcións.

III.3. Organización.

III.4. Actuacións internas.

III.5. Actuacións do profesorado de FOL como membro do departamento de orientación

IV. Planificación xeral: áreas de intervención, obxectivos e accións prioritarias.

IV.1. Proceso de ensino-aprendizaxe (PEA).

✦ *a. Descrición do ámbito.*

✦ *b. Obxectivos e accións prioritarias.*

IV.2. Atención á diversidade (PXAD):

✦ *a. Descrición do ámbito.*

✦ *b. Obxectivos e accións prioritarias.*

✦ *c. Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).*

✦ *d. Plan de apoio das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica.*

IV.3. Acción titorial (PAT).

✦ *a. Descrición do ámbito e funcións dos/as titores/as.*

✦ *b. Obxectivos e accións prioritarias.*

✦ *c. Concreción do Plan de Acción Titorial (PAT).*

IV.4. Convivencia.

✦ *a. Descrición do ámbito.*

✦ *b. Obxectivos e accións prioritarias.*

IV.5. Orientación académica e profesional (POAP).

✦ *a. Descrición do ámbito.*

✦ *b. Obxectivos e accións prioritarias.*

✦ *c. Concreción do Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP).*

IV.6. Traballo en Redes de colaboración.

✦ *Descrición do ámbito.*

V. Avaliación do Plan: procedemento, instrumentos, criterios e indicadores.

I. Consideracións previas.

I.1. Marco lexislativo, teórico e institucional.

No momento actual iniciase un cambio lexislativo que é preciso reflectir.

A *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, (LOMLOE)* pola que se modifica a *Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de educación* recolle que a orientación é un principio do sistema educativo que favorece o ensino individualizado e o desenvolvemento integral do alumnado, un dos factores que favorecen a calidade do ensino ... En dito marco legal, considerase que orientación é un elemento inherente á propia educación.

O *Decreto 120/1998, de 23 de abril*, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia, a *Orde de 24 de xullo de 1998*, pola que se establece a súa organización e funcionamento, e a *Circular 10/2010, de 14 de setembro* pola que se dita instrucións para coordinar actuacións e establece as accións prioritarias dos servizos de orientación entenden a orientación *“como un recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa”*.

Segundo coa definición de orientación educativa e tendo en conta as achegas de diferentes autoras COPOE (2015), Santana Vega (2013), Álvarez e Bisquerra (2012) E Boza (2001), podemos establecer que *“a orientación educativa é un proceso continuo e sistemático de axuda a todo o alumnado, que ten carácter preventivo, promove o seu desenvolvemento integral e se realiza mediante a colaboración entre diferentes profesionais e axentes”*. Segundo Álvarez e Bisquerra (2012) *“a intervención orientadora nos centros educativos debe ser prioritariamente indirecta, grupal e enfocada á prevención e ao desenvolvemento, sen que iso impida que, en circunstancias determinadas, se dea unha actuación directa, máis individualizada ou de tipo correctivo”*.

Os principios que guían a intervención orientadora son:

- os **principios psicopedagóxicos** de prevención, desenvolvemento e intervención social;
- e os **principios deontolóxicos** da orientación educativa aprobados pola COPOE en novembro de 2015, que son: respecto aos dereitos fundamentais, confidencialidade, formación e actualización, rigor e transparencia, compromiso coa desvantaxe socioeducativa, coherencia ética e persoal, e traballo en equipo e en redes de coordinación.

Este plan garda coherencia co establecido nos documentos do noso centro: co Proxecto Educativo, coa Memoria xeral do pasado curso (atendendo especialmente ás propostas de continuidade e mellora) e coas achegas e suxestións realizadas ao comezo deste curso por parte do equipo directivo, os departamentos didácticos e do profesorado en xeral.

1.2. Xustificación e necesidades en base ao contexto.

a. Características da contorna. O municipio de Cangas, onde está situado o noso IES, está situado na comarca do Morrazo, na costa da provincia de Pontevedra, e limita cos municipios de Bueu e Moaña, e ten acceso directo, mediante transporte marítimo, coa cidade de Vigo, situada do outro lado da ría.

Algunhas das infraestruturas municipais máis destacadas son o auditorio municipal, o pavillón de deportes, a casa da xuventude, biblioteca/casa da cultura... Ademais a localidade conta con **seis CEIP públicos**, dos cales, **dous están adscritos** ao noso centro: CEIP A Rúa e CEIP Castrillón-Coiro. Tamén recibimos alumnado doutros centros do municipio (CEIP Nazaret, CEIP do Hio, CPR Eduardo Pondal, CPR Casa da Virxe, CPR Compañía de María, CPR Sagrada Familia) e inclusive doutros municipios limítrofes.

b. Características do centro. O IES de Rodeira é un dos tres institutos públicos do Concello de Cangas (xunto ao IES María Soliño e ao IES Monte Carrasco); e o único que está situado no núcleo urbano da vila.

O centro conta cun servizo de transporte escolar con tres rutas.

O equipo directivo está formado por: director, vicedirector, secretario, xefatura de estudos ordinaria e xefatura de estudos de persoas adultas. Unha gran parte do profesorado ten destino definitivo e leva varios cursos traballando no centro, aínda que neste curso 2021/2022 incorporouse un elevado número de persoal docente interino e substituto. Tamén se incorporaron dúas profesoras para o Programa REFORZA-T e unha profesora e un profesor para o Programa PROA+.

Existen varias comisións de traballo: biblioteca, dinamización lingüística, convivencia... A comisión de convivencia, que está constituída dentro do Consello Escolar, é a responsable de revisar e desenvolver o Plan de convivencia do centro en base ao establecido no *Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*. Este documento, entre outros aspectos, recolle as normas de convivencia e as medidas correctoras do seu incumprimento, pero tamén ten a pretensión de desenvolver medidas de carácter proactivo e promotoras dun clima de convivencia positivo.

No centro funciona unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) cun grao de implicación aceptable. Ademais, o noso centro exerce de sede da “Escola de familias municipal”, que coordina o técnico de prevención da administración local.

Neste curso 2022/2023, a oferta educativa do IES de Rodeira é a seguinte:

- **ESO.** Con 4 liñas, inicialmente eran 3 que houbo que aumentar seguindo as directrices do *Protocolo de*

adaptación ao contexto da covid 19. Debido aos bos resultados obtidos coas 4 liñas no presente curso escolar, por acordo do claustro de profesorado, manteñense as mencionadas 4 liñas en toda a ESO.

- **BACHARELATO.** O noso centro imparte as dúas das tres modalidades de bacharelato existentes: Ciencias, e Humanidades e Ciencias Sociais. No noso municipio, o bacharelato de Artes é ofertado polo IES María Soliño.
- **FORMACIÓN PROFESIONAL.** O IES de Rodeira conta cos tres niveis de formación profesional específica: básica, grao medio e grao superior. A oferta distribúese en tres familias profesionais:
 - **Administración e xestión:**
 - FPB de Servizos administrativos.
 - FPGM de Xestión administrativa.
 - FPGS de Administración e finanzas (persoas adultas, oferta modular vespertina).
 - **Electricidade e electrónica:**
 - FPGM de Instalacións de telecomunicacións.
 - FPGS de Sistemas de telecomunicacións e informáticos (persoas adultas, oferta modular vespertina).
 - **Informática e comunicacións:**
 - FPGS de Administración de sistemas informáticos en rede.
 - FPGS de Desenvolvemento de aplicacións web (persoas adultas, semi-presencial, oferta modular vespertina).
- **EDUCACIÓN PARA PERSOAS ADULTAS:**
 - Ensinanzas Non Regradas (ENR), nivel I.
 - Ensinanzas Non Regradas (ENR), nivel II.
 - Ensinanzas Non Regradas (ENR), nivel III.
 - Ensinanzas Básicas Iniciais (EBI), nivel I.

- Ensinanzas Básicas Iniciais (EBI), nivel II.
- Educación Secundaria de Persoas Adultas (ESA):
 - No 1º cuatrimestre: Módulo 1 e Módulo 3.
 - No 2º cuatrimestre: Módulo 2 e Módulo 4.
- **Aula Mentor.** O profesorado responsable da aula Mentor son dous docentes dos departamentos de “Administración e xestión” e de “Informática e comunicacións”. O noso centro é sede da única aula Mentor que existe na comarca do Morrazo.
- **Ademais,** o IES de Rodeira exerce como sede da sección de Cangas da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, na que se imparte Inglés e Francés.

2. Obxectivos

Os obxectivos que nos propoñemos co presente plan están referidos ao conxunto da comunidade educativa, ao centro, ao profesorado, ao alumnado, ás familias e ao propio DO.

Obxectivos en relación coa COMUNIDADE EDUCATIVA

- Colaborar na mellora da educación a través da creación dunha rede de colaboración e corresponsabilidade entre os diferentes axentes e organismos da contorna.
- Promover a participación activa do alumnado no proceso de aprendizaxe e favorecer a súa promoción dentro do sistema educativo.
- Asesorar á comunidade educativa sobre as diferentes medidas educativas e itinerarios académicos.
- Promover unha convivencia en positivo no centro.

Obxectivos en relación ao CENTRO

- Colaborar na actualización dos documentos que integran o Proxecto Educativo.
- Elaborar protocolos que faciliten a posta en marcha das medidas recollidas no Plan de Convivencia, PAT e PXAD.
- Asistir ao equipo directivo no desenvolvemento do Plan de Convivencia, PAT, POAP e PXAD.

- Colaborar co equipo directivo no deseño e desenvolvemento dos programas de innovación educativa que sexan acordados (Contratos-programa, Plan Proxecta...).

Obxectivos en relación ao PROFESORADO

- Colaborar co profesorado na acollida do alumnado e familias, así como nas xuntas de avaliación iniciais e trimestrais.
- Colaborar co profesorado na elaboración das programacións de aula e no desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
- Favorecer a dinamización da función titorial e a orientación académica.
- Implicar ao profesorado na formación dun grupo que traballe en favor dunha convivencia en positivo no centro.
- Promover unha colaboración o máis estreita posible entre os docentes e as mestras especialistas en PT na atención do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Obxectivos en relación co ALUMNADO

- Detectar precozmente as necesidades educativas do alumnado e deseñar medidas para darlles resposta.
- Favorecer a implicación do alumnado na súa aprendizaxe e na mellora da súa contorna e comunidade, favorecendo a súa autonomía e responsabilidade.
- Contribuír á formación integral do alumnado en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres.
- Mellorar os resultados académicos do alumnado en xeral.
- Asesorar ao alumnado na toma de decisións académicas e na construción do seu proxecto profesional, e poñelo en contacto co tecido socio-productivo da súa contorna.
- Favorecer a mellora do rendemento e da convivencia mediante a cooperación e a axuda entre iguais.

Obxectivos en relación coas FAMILIAS

Urie Bronfenbrenner dixo que “sen a implicación familiar, calquera intervención é probablemente un fracaso, e os poucos efectos que se conseguen desaparecerán probablemente unha vez que a intervención remate”.

- Colaborar coas familias no seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Informar ás familias sobre a estrutura do sistema educativo e sobre as diferentes opcións académicas que existen na contorna máis próxima.
- Manter informadas ás familias sobre o proceso educativo seguido cos seus fillos/as.
- Colaborar e axudar ás familias na compensación de situacións de desvantaxe.
- Incorporar a perspectiva de xénero e o fomento da igualdade entre homes e mulleres nas actuacións que levemos a cabo coas familias do noso alumando.
- Impulsar dende o centro actividades informativas e formativas para as familias.

Obxectivos en relación co DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Promover a cohesión entre os membros do DO e a asunción colexiada das decisións.
- Realizar os seguimentos, apoios e valoracións aos alumnos que o precisen.
- Exercer como elemento dinamizador e de mellora do centro e da comunidade educativa.
- Impulsar, dende a propia composición do DO, unha coordinación máis efectiva cos centros adscritos.
- Impulsar, dende a nosa participación na CCP e nas reunións cos titores/as, unha maior continuidade e a coherencia na intervención educativa.
- Colaborar e coordinarnos con outros servizos de orientación: EOE e DOs, especialmente cos centros públicos de secundaria do Morrazo.

3. Departamento de orientación

O *Decreto 120/1998*, de 23 de abril recolle que os Departamentos de Orientación constituirán dentro de cada centro o garante de que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e de que se estableza unha vía de asesoramento permanente ó profesorado e as familias.

3.1. Composición do DO

O Decreto 324/1996, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos IES, no artigo 53 di que nos institutos de educación secundaria existirá, entre os órganos de coordinación docente, un departamento de orientación.

O artigo 53 da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 e o artigo 3 do Decreto 120/1998, establece a composición dos DOs dos IES, que no caso do noso centro para o curso 2020/2021 será a seguinte:

- **Ámbito lingüístico-social:** María Xosé Jiménez González
- **Ámbito científico-tecnolóxico:** Darío Lata Blanco
- **Profesoras de PT:** M^a Isabel Ávila Gómez
M^a Angélica Gil Casal
- **Persoas orientadoras:** María Belén Rodríguez Silva e Alexandre Bermúdez Iglesias (xefatura departamento)
- **Profesor de FOL:** María del Mar Expósito Rodríguez
- **Xefatura do DO do CEIP A Rúa:** No momento de redactar a presente memoria, non tiña asignada a persoa Orientadora.
- **Xefatura do DO do CEIP Castrillón:** Dna. María Jesús González Pérez

3.2. Funcións do DO

As funcións xerais do DO veñen recollidas no art. 6 do Decreto 120/1998 e no art. 5 da Orde de 24 de xullo de 1998:

- Valora-las necesidades educativas do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
- Elaborar as propostas do POAP e do PAT (de acordo coas directrices establecidas pola CCP) e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

- Participar na elaboración ou revisión do Proxecto educativo e das súas concrecións curriculares, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con NEAE.
- Diseñar accións encamiñadas á prevención e á atención de dificultades de desenvolvemento ou de aprendizaxe.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida, e para enfronta-los momentos da incorporación ao centro, a resolución de conflitos interpersoais, na toma de decisións e nas transicións entre etapas, centros e cara á vida profesional, favorecendo así a súa maduración vocacional.
- Cooperar co EOE no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas.
- Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación.
- Promove-la cooperación entre o centro e as familias.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións.
- Asesora-la CCP nos aspectos psicopedagóxicos do proxecto curricular.
- Participar na elaboración do consello orientador.

FUNCIÓNS DO PROFESORADO DE APOIO

A Orde de 24 de xullo de 1998 sobre organización e funcionamento da orientación educativa e profesional establece, no artigo 7, as funcións do profesorado de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais. Os mestres especialistas en pedagogía terapéutica exercerán as súas funcións en tódalas etapas educativas que se impartan no centro e desenvolverán, ademais das que lles competen como membros do departamento de orientación, as seguintes funcións:

- ✦ Asistir as reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- ✦ Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✦ Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.

- ⤴ Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que así o requira, atención que, en xeral, se prestará dentro do grupo no que está integrado.
- ⤴ Aqueloutras funcións que a Administración educativa lles poida asignar referidas á orientación.

Na Orde 8 de setembro de 2021, sobre condicións e criterios para a escolarización de ACNEEs, no artigo 19 referido a intervencións específicas no ensino obrigatorio di que as intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica (...) serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte, en colaboración co/coa titor/a do grupo ó que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar. A coordinación desas actuacións, xunto coas do resto do profesorado, tendo en conta o currículo da etapa e as programacións de aula, corresponde á xefatura de estudos do centro". O Decreto 229/2011 no artigo 38.2 sinala que: a proposta de organización da atención ao alumnado por parte de PTs e ALs e, de ser o caso, doutros profesionais específicos será realizada pola xefatura do DO, de acordo co PXAD, e coa participación dos titores e dos propios Pts.

FUNCIÓNS DO PROFESORADO DE FOL

O art. 8 da *Orde de 24 de xullo de 1998* recolle as funcións do profesorado de FOL, entre as que están:

- Informa-lo alumnado sobre o marco legal de traballo e das relacións laborais.
- Orientar sobre formas e procedementos de inserción profesional.
- Dar a coñece-los recursos profesionais e laborais existentes.
- Deseñar actividades ou programas para que o alumnado poida elabora-lo seu propio itinerario profesional de busca de emprego, facéndoo consciente da necesidade de formación permanente.
- Potenciar estratexias encamiñadas á consecución, se é o caso, dunha reorientación profesional axustada ás demandas do mundo laboral.
- Colaborar cos titores responsables da formación en centros de traballo na elaboración de programas para a realización de actividades formativo-productivas en centros de traballo.
- Promover que o alumnado que accede a un programa de iniciación profesional interveña activamente no seu proceso de aprendizaxe e no deseño da súa traxectoria persoal e laboral.

- Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

A *Orde de 13 de xullo de 2015* no seu apartado 7.7 sobre acceso e admisión a FPB, establece que se no departamentos de Orientación está incorporado/a algún profesor ou algunha profesora que impartan a área de Formación e orientación laboral (FOL) nos ciclos de formación profesional, desenvolverán como membros do Departamento de Orientación as funcións recollidas no artigo 22 da *Orde do 12 de xullo de 2011* pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, nomeadamente no relativo ao marco legal de traballo e das relacións laborais, os procedementos de inserción profesional e os recursos profesionais e laborais existentes.

O artigo 22.2 da *Orde de 12 de xullo de 2011* recolle que O profesorado de formación e orientación laboral desenvolverá, ademais das funcións que lles competen como membros do Departamento de Orientación, as seguintes:

- a) Informar o alumnado sobre o marco legal de traballo e das relacións laborais.
- b) Orientar sobre xeitos e procedementos de inserción profesional.
- c) Dar a coñecer os recursos profesionais e laborais existentes.
- d) Diseñar actividades ou programas para que o alumnado poida elaborar o seu propio itinerario profesional de procura de emprego, facéndoo consciente da necesidade de formación permanente.
- e) Potenciar estratexias encamiñadas á consecución, de ser o caso, dunha reorientación profesional axustada ás demandas do mundo laboral.
- f) Informar e orientar, en colaboración co resto do Departamento de Orientación, sobre as oportunidades de aprendizaxe e os posibles itinerarios formativos para facilitar a inserción e a reinserción laborais, a mellora no emprego, así como a mobilidade profesional no mercado de traballo.
- g) Colaborar cos titores e coas titoras responsables da formación en centros de traballo na elaboración de programas para a realización de actividades formativo-productivas en centros de traballo”.

FUNCIÓNS DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO

As funcións específicas da xefatura do DO dos IES veñen recollidas no artigo 7 do *Decreto 120/1998* (Decreto que derroga os artigos 55 a 57 do *Decreto 324/1996*) e no artigo 6 da *Orde de 24 de xullo de 1998* de organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia. Funcións que serán as seguintes:

- Dirixir e coordina-las actividades e actuacións propias do departamento, e facilita-la colaboración entre os seus membros.
- Coordina-la organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Responsabilizarse da redacción do plan do departamento, velar polo seu cumprimento e elabora-la memoria final de curso.
- Convocar e presidir as reunións do DO, levantando a acta correspondente.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.
- Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade, conforme o procedemento e criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración do informe psicopedagóxico.
- Representar ao DO na CCP e participar, dentro deste órgano, na elaboración do proxecto educativo e das concrecións curriculares.
- Coordinar, en colaboración co profesorado de apoio, a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), elevando á xefatura de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas. A participación do xefe/a do departamento de orientación nas sesións de avaliación responderá as súas competencias de asesoramento e apoio ó profesorado e asistirá a elas con voz e sen voto.
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

3.3. Organización do DO

REUNIÓN. Segundo o artigo 14 da *Orde de 24 de xullo de 1998*, os membros do departamento de orientación con destino no propio centro celebrarán reunións semanais na hora destinada para tal fin no seu horario. A asistencia será obrigatoria e a persoa que exerce a xefatura levantará acta destas reunións. As reunións levadas a cabo polo departamento ao longo do curso recolleranse no libro de actas. As reunións no curso 2022/2023 desenvolveranse os luns na segunda hora da mañá de 12:10 a 13:00 horas.

Seguindo o establecido no artigo 13 da *Orde de 24 de xullo de 1998*, os membros do DO ao completo, coa

presenza das xefaturas dos departamentos de orientación dos centros adscritos, reuniremos cando menos unha vez ó trimestre. Ademais, para asegura-la actuación coordinada entre os departamentos de orientación dos IES cos CEIPs que lles sexan adscritos, elaboraranse conxuntamente as liñas xerais do plan de orientación, que deberán adaptarse ós diferentes contextos educativos de cada centro. Esta posta en común deberá realizarse durante o mes de setembro. Para realiza-la coordinación e seguimento do plan de orientación establecido, os membros do departamento de orientación reuniranse unha vez ó trimestre, sen prexuízo de que se realicen as reunións que sexan necesarias.

ORZAMENTO e OUTROS RECURSOS. O noso departamento conta cun orzamento que se xestiona dende a secretaría do centro. Debemos ter en conta que o orzamento péchase co ano natural.

Dende o curso 2018/19 o departamento conta cunha liña de teléfono móbil que, fundamentalmente, permite unha coordinación e un asesoramento máis rápido e estreito coas familias e/ou co propio alumnado. O número de teléfono é 655 52 88 56.

O departamento centraliza a maior parte da súa información na aula virtual do centro (de acceso exclusivo para profesorado) e no blog do departamento de orientación: <http://rodeiraorienta.blogspot.com>

CONFIDENCIALIDADE. Para garantir a custodia e a consulta de documentos que conteñan datos persoais con un especial grao de protección, sexa porque foran elaborados polo propio departamento ou custodiados por el (informes psicopedagóxicos, ditames de escolarización, documentos de ACS, informes médicos, informes de gabinetes externos, convenios reguladores en caso de separación...), xa dende o curso 2017/2018, levamos a cabo un procedemento que consiste en incorporar unha folla de cor rechamante (azul) nos expedientes da administración do centro, nos casos nos que exista expediente do/a alumno/a aberto no departamento de orientación. Nesta folla recollerase a seguinte lenda: *“Existe expediente aberto deste/a alumno/a no Departamento de Orientación do centro. Non se debe dar traslado do expediente do/a alumno/a a outro centro sen incorporar antes os documentos custodiados no departamento de orientación”*. Con este procedemento garantimos o cumprimento do apartado 6.2.3. do *Protocolo de protección de datos persoais e de identidade persoal* da Consellería de educación de 2016.

Todos os documentos que recollan datos persoais deben incorporar a seguinte **cláusula informativa**, segundo o establecido polo *Protocolo de protección de datos* no seu apartado 3.2.1: *“En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de*

San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educación@xunta.es”.

3.4. Actuacións internas do DO

O departamento de orientación ten que desenvolver actuacións propias que sirvan para que o departamento funcione como tal. Algunhas destas actuacións son:

- Recepción e presentación dos novos membros, no seu caso, e constitución do DO.
- Colaboración co equipo directivo na programación xeral anual do centro.
- Establecemento de prioridades en base á normativa, a memoria, os documentos do centro e as necesidades detectadas, e elaboración do Plan Anual do DO.
- Presentar e difundir o plan anual do DO na CCP e noutras estruturas de coordinación.
- Elaboración dun plan de apoio e dun informe final de apoio para aqueles alumnos que reciban a intervención das mestras especialistas en PT.
- Elaboración de documentos propios: informes psicopedagóxicos, ditames de escolarización, informe final de etapa para ESO no caso de alumnado con NEAes, documentos con pautas para a realización dos reforzos educativos e para as familias...
- Asistir as reunións as que somos convocados e ter unha actitude activa, e informar posteriormente aos demais membros do DO do tratado nelas.
- Participar en experiencias de formación e innovación en temas relacionados coa orientación, atención á diversidade, convivencia e coa educación en xeral.
- Formar parte dos colectivos profesionais que representan aos perfís profesionais representados no DO, xa que isto favorece a formación continua e a creación de redes.
- Asumir as funcións colexiadamente que ten atribuídas o DO.
- Mellorar a funcionalidade do arquivo do departamento de orientación.
- Inventariar e actualizar os recursos bibliográficos, didácticos e psicopedagóxicos do departamento.
- Deseñar, en colaboración co departamento de formación profesional de “Informática e comunicacións”, un sistema seguro para a almacenaxe da información do departamento nunha nube. Información que estará

sincronizada nos equipos informáticos existentes no departamento de orientación.

3.5. Actuacións do profesorado de FOL como membro do departamento de orientación

O Decreto 324/1996 que establece Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria no seu artigo 53 establece como Departamento Didáctico dos centros de educación secundaria o de Formación e Orientación Laboral (FOL).

Así mesmo, na a liña “d” do punto 53 da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento indícase que “nos institutos nos que se imparta formación profesional específica incorporárase ó departamento de orientación un profesor que imparta a área de formación e orientación laboral”.

A xefatura do departamento de FOL no IES de Rodeira, no curso 2022/2023, é exercida por: María del Mar Expósito Rodríguez.

Dentro do plan de anual do Departamento de Orientación do IES de Rodeira, o Departamento de FOL propón as seguintes **actuacións** para desenvolver durante o curso 2022/2023:

1. Ámbito de Apoio á Acción Titorial.

- Colaborar coas **titorías de 1º e 2º de FP Básica** mediante a axuda ao alumnado no asesoramento dun deseño de orientación profesional.

1. Ámbito de Orientación Académica e Profesional.

- Colaborar cos orientadores educativos na realización de **charlas de orientación académica** para as familias do alumnado de 3º e 4º da ESO.
- Estudar a posibilidade de realizar algunha charla de orientación académica para as familias e/ou o alumnado de **1º e 2º de Bacharelato**, co obxectivo de mostrarlles a formación profesional de grao superior.

1. Ámbito de traballo en redes de colaboración.

- Realizar reunións periódicas con **institucións locais e comarcais** de inserción profesional, xunto cos orientadores/as educativos/as do IES, como o Servizo de Emprego Público de Cangas, a Axencia de Desenvolvemento Local de Cangas e o Viveiro de Empresas, Centro de Formación Marítimo-Pesqueira “A Aixola” de Marín, entre outras.

- Colaborar cos orientadores educativos do centro nas reunións de coordinación cos servizos de **inserción laboral para persoas con discapacidade**: DOWN, ONCE, COGAMI, etc...

IV. Planificación xeral: ámbitos de intervención e accións prioritarias

A continuación imos describir os ámbitos nos que temos estruturada a intervención que realizaremos dende a orientación educativa no noso IES, baseámonos na proposta realizada por Álvarez e Bisquerra (2012), aínda que ampliando o número de ámbitos establecidos por estes autores, xa que a **convivencia** e o **traballo en redes de colaboración**, debido a importancia que teñen na presente planificación, adquiren entidade propia. Polo tanto as actuacións do departamento de orientación para o curso 2021/2022 no IES de Rodeira agrúpámolas en seis ámbitos que, evidentemente, están interrelacionados:

1. Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe (PEA)
2. Atención á diversidade (PXAD)
3. Apoio á acción tutorial (PAT)
4. Convivencia (Convivencia)
5. Orientación académica e profesional (POAP)
6. Traballo en Redes de colaboración (Redes)

IV.1. Apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe (PEA).

a. Descrición do ámbito:

O ámbito de apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe fundaméntase nas teorías da aprendizaxe, sobre todo no construtivismo, que é a proposta que no sistema educativo ten un maior grao de consenso.

No proceso de ensino e aprendizaxe debemos ser conscientes da importancia que ten a relación pedagóxica entre profesorado e alumnado. Ninguén esquece a un bo docente, sobre todo cando no acto de ensinar, ademais de coñecemento, aporta emocións e afectos.

b. Obxectivos e accións prioritarias.

Dende o ámbito de apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe, debemos:

- Impulsar que o alumnado comprenda as ideas e conceptos fundamentais de cada materia, ámbito ou módulo, debidamente relacionados entre si de forma significativa (Bruner).
- Incidir na “zona de desenvolvemento próximo” de cada alumno (Vygotsky), que é aquela que se atopa entre o que xa é capaz de facer de forma autónoma e o que pode facer coa axuda doutras persoas, retirando as axudas

a medida que o alumno vai consolidando aprendizaxes.

- Incorporar no currículo e na práctica diaria da aula “técnicas e estratexias de aprendizaxe” que promovan o desenvolvemento de habilidades e competencias (sobre todo a competencia de aprender a aprender), que permitan ao alumnado ser autónomo na súa aprendizaxe.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, o abandono, o fracaso e a inadaptación escolar. As actuacións relacionadas coa aprendizaxe cooperativa, que está impulsando un grupo de profesores/as do centro, poden ser moi efectivas na consecución deste obxectivo.
- Dar continuidade as liñas 1 e 3 dos contratos programas: mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros, co obxectivo de contribuír á innovación e á mellora educativa.
- Promover a incorporación nas programacións dos elementos transversais do currículo na ESO e no Bacharelato, *art. 4 do Decreto 86/2015*, e as competencias e contidos de carácter transversal na Formación Profesional Básica, *art. 12 do Decreto 107/2014*.
- Asegurar a continuidade educativa a través da coordinación dos distintos cursos e etapas educativas a través da nosa participación na CCP; é dicir, promover a coherencia vertical do proceso de ensino e aprendizaxe.
- Promover a coherencia horizontal do proceso de ensino e aprendizaxe, a través da nosa colaboración con xefatura de estudos na coordinación da acción tutorial e das xuntas de equipo docente e de avaliación.
- En colaboración coa vicedirección do centro e baixo a súa supervisión, promover a continuidade e a coherencia vertical no desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares, relacionadas coa acción tutorial e a orientación académica e profesional.
- Colaborar estreitamente cos/coas titores/as e co profesorado no seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado e no deseño dunha resposta educativa adaptada as necesidades detectadas.
- Colaborar coas familias no deseño e desenvolvemento de accións informativas e formativas que faciliten a realización das súas funcións educativas.
- Promover a incorporación, no currículo e na planificación da acción tutorial e docente, de metodoloxías e contidos directamente relacionados coa cooperación e a convivencia.
- Impulsar que exista un traspaso efectivo de información sobre o alumnado entre os docentes dun mesmo grupo, así como entre os equipos docentes que traballan cun mesmo/a alumno/a ao longo dos diferentes anos académicos.

- Dar ao alumnado un papel principal no seu proceso de aprendizaxe.
- Promover a consolidación dun Club dos Deberes que funcione como espazo de traballo colaborativo entre o alumnado.
- Incorporar o uso das novas tecnoloxías na comunicación cos membros da comunidade educativa, mediante o correo electrónico corporativo, whatsapp, a aplicación abalar móbil, a elaboración de páxinas web ou blogs de orientación, a promoción do deseño e actualización por cada grupo-aula dunha axenda dixital escolar.
- Proporcionar información relevante e criterios que axuden a configurar de xeito equilibrado os grupos-aula e subgrupos (desdobramentos).
- Recoller nun documento a evolución do alumnado, ano a ano, que cursa matemáticas aplicadas en 3º da ESO e o itinerario de ensinanzas aplicadas en 4º da ESO.
- Recoller nun documento, ano a ano, o número de alumnado repetidor por cada nivel.
- Colaborar coa xefatura de estudos, favorecendo a coordinación horizontal entre departamentos didácticos para:
 - Acordar, entre os departamentos de BX, FQ e MAT, unha programación común para o Módulo de ciencias aplicadas de FPB, e para o Ámbito Científico-Matemático de PMAR.
 - Acordar, entre os departamentos de XH, LC e LG, unha programación común Módulo de Comunicación e Sociedade de FPB, e o Ámbito Lingüístico e Social de PMAR.
 - Deseñar, entre os departamentos de Orientación, LC, LG e MAT, unha programación para os reforzos que se ofrecen coma alternativa para o alumnado de 1º e 2º curso da ESO que cursa con exención da segunda lingua estranxeira.
- Recompilar, en colaboración cos departamentos didácticos, en documentos específicos a seguinte información:
 - **Breve descrición das diferentes materias optativas e de opción**, impartidas por cada departamento didáctico, co obxectivo de facilita-lo proceso de reserva de praza e matrícula do alumnado.
 - **Medidas de atención á diversidade** previstas polos departamentos, de cara a súa incorporación ao Plan Xeral de Atención á Diversidade.
 - **Plans de recuperación** das diferentes materias.

IV.2. Atención á diversidade (PXAD)

a. Descrición do ámbito:

A atención á diversidade é o conxunto de medidas e accións organizativas e curriculares que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado (art.3 do *Decreto 229/2011*).

b. Obxectivos e accións prioritarias.

Dende o ámbito de intervención de atención á diversidade, debemos:

- **Revisar os criterios e o procedemento para propoñer ao alumnado ás diferentes medidas** de atención á diversidade e, ao mesmo tempo, revisar a organización destas medidas co obxectivo de buscar unha maior optimización de recursos. Elaborar unha proposta dentro do departamento de orientación e elevala á CCP, a través do equipo directivo do centro.
- **Dar prioridade** as medidas de atención á diversidade ordinarias sobre as extraordinarias.
- Promover que as actuacións enmarcadas dentro do **Plan de transición** exerzan como factor preventivo, en canto á atención á diversidade do alumnado.
- Revisar o procedemento e os materiais de apoio (para o profesorado e para o departamento de orientación) para a realización da **avaliación inicial** e para a detección das necesidades educativas do alumnado, de cara a incluílo no PXAD.
- Colaborar coas familias e coa secretaría e administración do centro, nas solicitudes de **tramitación das bolsas de axuda para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, que se xestionan durante o mes de setembro e comezos de outubro.
- Asesorar aos titores e ao equipo docente das necesidades educativas do alumnado e no **axuste da resposta educativa**.
- Colaborar co profesorado na concreción dos **reforzos educativos / programas de recuperación / programas específicos personalizados / adaptacións curriculares significativas** que teñan que realizar a parte do alumnado, e na súa sistematización nun documento.
- Colaborar coa dirección do centro nas solicitudes de **autorización que realice ao SIE** en relación coas medidas extraordinarias de atención á diversidade: ACS, grupos de adquisición de linguas e/ou grupos de adaptación de

competencia curricular, agrupamentos específicos, autorización para a incorporación do alumnado a PMAR e a FPB...

- Colaborar **coa xefatura de estudos no seguimento do PXAD**, aportando asesoramento nas diferentes estruturas de coordinación.
- Impulsar a elaboración a nivel de centro dun procedemento e duns **criterios que se deben cumprir** antes de iniciar un proceso de avaliación psicopedagóxica e difundir o **modelo de solicitude ou demanda**.
- Realiza-lo seguimento de determinado/as alumnos/as, recollendo nunha **ficha individualizada** a información recadada nas entrevistas, reunións, xuntas de avaliación e da propia observación do alumnado.
- Elaborar unha **relación de alumnado con medidas de atención á diversidade**.
- Realizar as **avaliacións psicopedagóxicas** que se determinen.
- Colaborar cos titores nas **entrevistas** que leven a cabo con algunhas das familias ou do alumnado.
- Asesorar as **familias** dos alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo en relación as medidas de atención a diversidade e ao itinerario máis aconsellable.
- Realizar un rexistro con número de informes psicopedagóxicos elaborados.
- Realizar un rexistro do número de adaptacións curriculares significativas realizadas e das derivacións ao EOE.

c.1. Medidas de atención á diversidade.

O IES de Rodeira conta coas seguintes medidas:

c.1.a. ORDINARIAS: Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade (art. 8 do *Decreto 229/2011*) todas **aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa** dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

O IES de Rodeira conta, ou pode desenvolver ao longo do curso, as seguintes medidas ordinarias:

MEDIDA	DESTINATARIO ou DEFINIÇÃO da medida	NORMATIVA
Reforzo educativo ordinario na aula polo profesorado de materia, ámbito ou módulo.	O alumnado que presente algunha dificultade de aprendizaxe e/ou un baixo nivel de competencia curricular.	Orde 8 de setembro 2021 Resolución 26 maio 2022
Exención de 2ª lingua estranxeira	<p>O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe.</p> <p>A medida de exención da materia de 2ª lingua estranxeira combínase con algunha das seguintes medidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • programa de reforzo nas materias instrumentais básicas, • programa específico personalizado, • programa de recuperación de pendentes non instrumentais. 	Res. 26 maio de 2022 Orde 8 de maio 2021
Programa reforzo nas materias instrumentais básicas.	<p>- Alumnado que repita 1º ou 2º curso da ESO,</p> <p>- Alumnado de 1º curso que accedese á ESO por promoción obrigada (PO),</p> <p>- Alumnado que pase a 2º da ESO sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais.</p>	Res. 26 maio de 2022 Orde 8 de maio 2021
Programas de recuperación (2º ESO)	O alumnado que pase a 2º curso coas materias instrumentais superadas pero con outras materias suspensas.	Res. 26 maio 2022 RD 217/ 2022
Programas de reforzo de pendentes	<p>O alumnado que promociona sen superar todas as materias, deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.</p> <p>O alumnado que acceda a un PMAR con materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa</p>	Res. 26 maio de 2022 Orde 8 de maio 2021 RD. 217/2022

	colaboración dos departamentos implicados.	
Programas específicos personalizados.	<p>Alumnado que non promociona ou que se incorpora tardiamente ao noso sistema educativo con descoñecemento das linguas vehiculares do ensino ou cunha baixa competencia curricular.</p> <p>A repetición é unha medida que deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.</p>	<p>D. 86/2015 (art. 23)</p> <p>Res. 26 maio de 2022</p> <p>Orde 8 de maio 2021</p>
Reforzo educativo e apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria.	Cando un docente ten algunha hora lectiva dispoñible, o centro, dentro da súa autonomía, asignará estes períodos á realización da actividades de apoio ao alumnado que presenta necesidades educativas dalgún tipo.	<p>Res. 26 maio de 2022</p> <p>Orde 8 de maio 2021</p>
Exención da cualificación da materia de Lingua galega e literatura	Esta medida pode ser solicitada durante dous cursos pola familia do alumnado que proceda doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro.	<p>O. 10 febreiro 2014</p> <p>Res. 26 maio de 2022</p> <p>Orde 8 de maio 2021</p>
Programa de enriquecemento curricular	Alumnado con altas capacidade intelectuais.	<p>Res. 26 maio de 2022</p> <p>Orde 8 de maio 2021</p> <p>RD. 217/2022</p>
Protocolos	<ul style="list-style-type: none"> - Absentismo. - Acoso escolar. - Urxencias sanitarias e alerta escolar. - Atención educativa domiciliaria. - TDA-H. - TEA. - Identidade de xénero. 	

	<ul style="list-style-type: none"> - Maltrato infantil. - Protección de menores. - Atención educativa alumnado con síndrome de Down e/ou DI. - Risco suicida. <ul style="list-style-type: none"> – Altas capacidades. – Dislexia 	
Metodoloxías inclusivas	Existe unha liña do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) sobre Aprendizaxe cooperativa, que leva seis cursos desenvolvéndose no centro.	Res. 26 maio de 2022 Orde 8 de maio 2021
Adaptacións nas probas de avaliación	Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos.	Res. 26 maio de 2022 Orde 8 de maio 2021
Medidas promotoras dunha convivencia positiva.	Alumnado voluntario, axudante e/ou mediador. Aula de convivencia	Decreto 8/2015 C. 8/2009
Programa de habilidade sociais	Programa básico de habilidades sociais que se incorpora no Plan de Acción Titorial, de tal xeito que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e afrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.	Res. 26 maio de 2022 Orde 8 de maio 2021

c.1.b. EXTRAORDINARIAS: Considéranse **medidas extraordinarias** de atención á diversidade (art. 9 do Decreto 229/2011) todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) que poden requirir **modificacións significativas** do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. **Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.** Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o

caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

O IES de Rodeira conta, ou pode desenvolver ao longo do curso, as seguintes medidas extraordinarias:

MEDIDA	DESTINATARIO ou DEFINIÇÃO da medida	NORMATIVA
Repetición de curso	“A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna”.	Res. 26 maio de 2022 Orde 8 de maio 2021
Escolarización un curso por debaixo para o alumnado estranxeiro	Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lles correspondera por idade.	Res. 26 maio de 2022 Orde 8 de maio 2021
Avaliación psicopedagóxica	Enténdese por avaliación psicopedagóxica o proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de identifica-las necesidades educativas de determinados alumnos.	Res. 26 maio de 2022 Orde 8 de maio 2021 Decreto 229/2011
Apoio especializado de PT	<p>Os centros educativos contarán cos profesionais especializados necesarios para atender as necesidades do seu alumnado. Entre eses profesionais inclúese o profesorado de Pedagogía Terapéutica. Os contidos esenciais das materias instrumentais terán preferencia na docencia de apoio, tanto se se realiza dentro como fóra da aula ordinaria.</p> <p>Os agrupamentos de alumnos/as nas aulas de apoio terán en conta a compatibilidade cos horarios dos grupos ordinarios, a composición resultante dos grupos de traballo e as posibilidades de prestar unha atención individualizada.</p> <p>A proposta inicial do alumnado que conforma os agrupamentos das aulas de apoio estará suxeito a revisións e modificacións periódicas ao longo do curso en funcións da súa evolución e da posibilidade de novas incorporacións.</p>	D 229/2011 (arts. 9 e 38) Res. 26 maio de 2022 Orde 8 de maio 2021 PXAD

Agrupamentos flexibles ou específicos	<p>Na ESO poderanse establecer agrupamentos específicos transitorios para apoiar máis individualmente ao alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, nas materias de carácter máis instrumental, e que non pode segui-lo ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo.</p> <p>Os <u>Grupos de adquisición de linguas</u> e os <u>Grupos de adaptación da competencia curricular</u> son agrupamentos flexibles pensados para o alumnado procedente do estranxeiro.</p>	<p>Res. 26 maio de 2022</p> <p>Orde 8 de maio 2021</p> <p>Decreto 229/2011</p>
Adaptacións curriculares significativas	<p>Alumnado que non poden segui-lo proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia. Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno unha vez esgotadas as medidas ordinarias.</p>	<p>Res. 26 maio de 2022</p> <p>Orde 8 de maio 2021</p>
FPB. Formación profesional básica	<p>No noso centro hai un ciclo formativo básico de “Servizos administrativos” no que están incorporados 18 alumnos/as no primeiro curso e 5 no segundo.</p> <p>Previamente a incorporación a FPB haberá unha charla informativa para as familias do alumnado proposto. Durante o curso 19/20 esta reunión farase en coordinación cos demais centros educativos públicos de secundaria do Morrazo.</p>	<p>D 107/2014 (FPB)</p> <p>Res. 26 maio de 2022</p> <p>Orde 8 de maio 2021</p>
Flexibilización do período de escolarización para ANEEs	<p>A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais en centros docentes ordinarios poderá prolongarse un ano máis.</p>	<p>Res. 26 maio de 2022</p> <p>Orde 8 de maio 2021</p> <p>Decreto 229/2011</p>
Flexibilización da escolarización para alta capacidade	<p>Alumnado con alta capacidade intelectual.</p>	<p>Res. 26 maio de 2022</p> <p>Orde 8 de maio 2021</p> <p>Decreto 229/2011</p>
Flexibilización modular	<p>O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.</p>	<p>Res. 26 maio de 2022</p> <p>Orde 8 de maio 2021.</p>

		D107/2014 (FPB) (art. 32) O. 13 xullo 2015 (art. 28)
Atención Educativa Domiciliaria	Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.	Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria
Cambio de modalidade de escolarización.	Alumnado con NEE que require modificacións significativas do currículo en parte ou en todas as áreas ou materias e que precisa da utilización de recursos moi específicos ou excepcionais, necesidades que non poden ser atendidas e recursos que non se poden facilitar dentro das medidas de atención á diversidade dos centros educativos ordinarios.	D 229/2011 (arts. 16-20) Orde 8 setembro 2021

Ademais, teremos unha especial consideración co:

- Alumnado **absentista**. Nestes casos informaremos do procedemento proposto polo Protocolo da Consellería de Educación.
- Alumnado afectado por medidas **de violencia de xénero e/ou acoso escolar** (D229/2011; art. 28).
- Alumnado con **discapacidade e/ou trastornos psiquiátricos**, especialmente nos casos de trastorno do estado de ánimo nos que exista risco autolítico.
- Alumnado con **diversidade afectivo-sexual** por orientación sexual e identidade de xénero.
- Alumnado no programa de **Alerta Escolar**.
- Alumnado en **hospitalización ou convalecencia domiciliaria prolongada**.

d. Plan de apoio das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica.

O plan de actuación das mestras de pedagogía terapéutica do IES de Rodeira parte do principio de atención a diversidade, tendo un carácter inclusivo e comprensivo porque abrangue tanto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e como a outras necesidades que xorden ou xa están presentes nas aulas.

Na atención ao alumnado por parte destas especialistas sempre se ten en conta as súas características e necesidades, así como as directrices, pautas e orientacións marcadas polos informes e adaptacións curriculares de cada alumno/a.

As mestras de pedagogía terapéutica atenden de xeito preferente aos seguintes niveis:

- M^a Isabel Ávila Gómez atende aos grupos de 2º da ESO, facendo o apoio dentro da aula e atendendo aos 18 alumnos/as que cursan con exención na materia de segunda lingua estranxeira. Tamén se realiza tarefas de apoio no grupo de 2º ano de FPB.
- M^a Angélica Gil Casal atende aos grupos de 1º da ESO, 1º de FPB facendo o apoio dentro da aula e atendendo aos 16 alumnos/as que cursan con exención na materia de segunda lingua estranxeira.

O apoio que se desenvolve dentro da aula ordinaria ten como destinatarios aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, porén todo alumnado é susceptible de recibir axuda nalgún momento.

No caso de que algún alumno/a precise apoio especializado fóra da aula ordinaria, promoveremos a utilización da “ficha de planificación das sesións de apoio que se desenvolven fóra do grupo ordinario” e solicitarase por escrito a conformidade familiar.

1. NECESIDADES detectadas no alumnado

- Necesidade de mellorar nas destrezas académicas máis instrumentais.
- Necesidade de aumentar o coñecemento das linguas vehiculares do ensino.
- Necesidade de conformar unha personalidade equilibrada e válida para unha cidadanía activa e responsable.
- Necesidade de organizar o traballo e planificar con antelación exames e probas de avaliación.
- Necesidade de sentirse parte dun grupo, de pertenza a unha comunidade.
- Necesidade de configurarse como persoas válidas na súa contorna social ou nun próximo futuro laboral.
- Necesidade de mellorar o clima de convivencia e o respecto ás diferencias.

2.OBXECTIVOS

- Buscar a plena autonomía e autoxestión do alumnado.
- Favorecer a construción positiva do autoconceito e mellorar a autoestima.

- Alentar e posibilitar que cada alumno/a acade o seu pleno potencial.
- Promover a adquisición dos obxectivos mínimos que lle faciliten a promoción.
- Facilitar o desenvolvemento das competencias de aprender a aprender, comunicativa e social cidadá como recursos básicos para a inclusión escolar e social.
- Desenvolver os procesos cognitivos: atención, percepción, memoria. E outros procesos: Comprensión e expresión oral e escrita, razoamento lóxico e matemático.
- Traballar pola plena inclusión dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Exercer como un recurso que favoreza a detección de necesidades educativas no alumnado.
- Lograr un clima de traballo agradable.
- Elaborar e proporcionar material didáctico que mellore o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Colaborar cos distintos equipos educativos no xeito de actuación co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

3. ACTIVIDADES ou/e propostas de intervención

Na aula ordinaria:

1. Introducción ou consolidación de metodoloxías activas e participativas, coma a aprendizaxe cooperativa, asesorando ao profesorado na realización de estruturas cooperativas ou na planificación conxunta de sesións de cohesión grupal.
2. Coordinacións periódicas con titores/as e profesorado do alumnado con NEAE.
3. Apoio ás titoras de 1º da ESO no desenvolvemento de sesións de cohesión grupal, resolución de conflitos, programas de habilidades sociais, etc.
4. Traballo coordinado co profesorado para seguir unha mesma liña de acción educativa cando o apoio educativo se desenvolve dentro da aula ordinaria.
5. Colaborar, se fose preciso, na realización de material didáctico que se axuste as particularidades de cada alumno/a.

Na aula de apoio, co alumnado exento da 2ª lingua estranxeira:

1. Apoio nas materias instrumentais.
2. Apoio na organización e planificación (autoxestión) do traballo diario do alumnado. Revisión de axendas. Supervisión de datas e actividades, etc.
3. Introducción de rutinas para facer visible o pensamento. Incorporación de estratexias de fácil xeneralización que axuden ao alumnado a organizar e asimilar os contidos das materias (mapas mentais, organizadores gráficos, fluxogramas, esquemas, cadros...).
4. Utilización de material manipulable, vivenciación das actividades, uso das TIC, etc, co obxectivo de facer accesible os contidos e asegurar a motivación e a implicación na tarefa.
5. Programas máis específicos con determinados alumnos ou grupos (integración visual, educación emocional, HHSS ou programa de competencia social, etc.) .

4. CRITERIOS de intervención:

- Atención de forma directa ao alumnado.
- Colaboración co profesorado.
- Facer un seguimento e colaborar na avaliación do alumnado.
- Colaborar, si fose necesario, na realización de material didáctico que requiran as particularidades de cada alumno.
- Apoio dentro da aula-clase.

5. RECURSOS:

Materiais.

A maiores do que xa existe na aula de apoio (ordenador con acceso a internet, material funxible, arco, miniarco, quebracabezas, etc), foi preciso poñerse en contacto con diferentes departamentos didácticos para solicitarlles algúns recursos:

- Departamento de Matemáticas: pentaminós, barallas, bloques lóxicos, etc...
- Departamento de Xeografía e Historia: mapas e libros de consulta.

Material persoal da profesional de apoio: xogos de lóxica e percepción espacial, material manipulativo das matemáticas (fraccións, dados, dominós, barallas, regletas, material de base 10).

Recursos TIC.

- Webs con recursos educativos: orientación Andújar, Mundo Primaria, Zona Clic, ...
- LibreOffice, para a realización de táboas, esquemas, etc.
- Tamén utilizaremos programas específicos para crear murais, pósters, infografías, etc (CANVA) entre outras propostas.
- Audacity, como programa de edición de vídeo e foto.

IV.3. Acción tutorial (PAT)

a. Descrición do ámbito e funcións dos titores/as.

Descrición: Segundo Álvarez e Bisquerra (2012) a orientación educativa e a acción tutorial están moi relacionadas. A acción tutorial é o **conxunto de actividades educativas desenvolvidas por todo o profesorado** que imparte docencia a un grupo-clase. A acción tutorial é unha actividade inherente á función do profesorado, xa que vén a ser a orientación que leva acabo o profesorado. A acción tutorial supón educar para a vida; é dicir, é a acción levada a cabo polo profesorado co fin de potenciar a formación integral do alumnado. Se ben todo o profesorado está implicado na acción tutorial, hai un deles que asume a responsabilidade de coordinar todos os esforzos nunha acción común. Ese coordinador e dinamizador da acción tutorial é a persoa titora que debe dinamizar e coordinar a acción educativa tutorial de todo o equipo docente. Debe exercer unha certa función de liderado e debe ter capacidade para o traballo en equipo.

O art. 91 da *LOE-LOMCE* recolle entre as funcións dos docentes a titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias e a orientación académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.

Titores e titoras son o primeiro nivel da orientación educativa nos centros escolares. As súas **funcións** veñen recollidas no Regulamento Orgánico dos centros de educación secundaria (*Decreto 324/1996 e Orde de 1 de agosto de 1997*):

- Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.
- Informar, no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais sobre o calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñece-las características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.
- Orienta-lo alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Orienta-las demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado/a do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

- Informar ó alumnado do grupo, ós pais e nais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnado.
- Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados os pais e nais ou titores e o xefe ou xefa de estudos.
- Implica-las familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

No caso dos ciclos formativos de formación profesional, o titor ou titora asumirá tamén, respecto ó **módulo de formación en centros de traballo**, as seguintes funcións:

- Elabora-lo programa formativo do módulo, en colaboración co responsable designado para estes efectos polo centro de traballo.
- Avalia-lo módulo, tendo en conta o informe do responsable designado por parte do centro de traballo sobre as actividades realizadas polos alumnos e alumnas durante o período de estadía nese centro.
- Manter contactos periódicos co responsable designado polo centro de traballo, co fin de contribuír a que o programa de formación se axuste á cualificación que se pretende.
- Atender no centro educativo os problemas de aprendizaxe que presente o seu grupo de alumnos e alumnas e valorar de xeito continuado as actividades correspondentes ó programa de formación.
- Informar sobre as peticións de validacións ou exencións formuladas polo alumnado do ciclo formativo.
- Tramitar para o seu grupo de alumnos e alumnas a documentación relativa á formación en centros de traballo.
- Axudar ó departamento na identificación da necesidade de colaboración de expertos, así como no calendario de intervención.
- Proponer, para a súa aprobación polo Consello Escolar, a distribución da asignación económica destinada a estas ensinanzas.

- Informar á dirección do centro de todo o referente ó ciclo formativo.
- Redacta-la memoria final de curso, que se incluírá na memoria de centro estable.

b. Obxectivos e accións prioritarias.

As liñas de actuación xerais deste ámbito de intervención están recollidas no Plan de Acción Titorial (PAT) do centro, documento incorporado dentro do Proxecto Educativo. Dende o ámbito de apoio ao Plan de Acción Titorial o departamento de orientación debe:

- Revisar e **actualizar** o Plan de Acción Titorial.
- Colaborar coa dirección do centro na organización e planificación das **reunións xerais de familias**.
- Colaborar no proceso de recollida de información que realizan os titores sobre o seu alumnado, no contexto da **avaliación inicial**.
- Desenvolver dende a acción titorial as **finalidades recollidas no PAT**: ensinar a ser, ensinar a pensar, ensinar a decidir, ensinar a sentir e ensinar a convivir.
- **Colaborar con xefatura de estudos** na realización de reunións periódicas cos titores/as para a coordinación das actividades do PAT, achegando propostas, recursos e exemplos de actividades e dinámicas de grupo; así como para o seguimento da evolución académica e persoal do alumnado de cada grupo.
- Colaborar coa vicedirección do centro na organización de **actividades complementarias e extraescolares** ligadas coa acción titorial e orientadora.
- Sensibilizar sobre a **importancia da acción titorial** na mellora do rendemento académico e da promoción dunha convivencia positiva no centro.
- Favorecer o coñecemento do **Protocolo de Absentismo Escolar** da Consellería de Educación. Facer un seguimento máis continuo das faltas sen xustificar do alumnado e iniciar o protocolo de absentismo cando un/unha alumna supere o número mínimo de faltas sen xustificar.
- **Complementar**, se é necesario, a acción titorial desenvolvida polo titor/a en relación coas familias de determinados/as alumnos/as.
- Incorporar a **entidades sen ánimo de lucro** dentro da acción titorial.

- De ser o caso, colaborar co equipo directivo na solicitude dos programas dentro do marco do **Plan Proxecta e dos Contratos-Programa**.
- Incorporar dentro do programa de **actividades de tutoría**: a intelixencia emocional, as habilidades sociais, técnicas de traballo intelectual, resolución de conflitos, prevención de drogodependencias, educación sexual, educación para a igualdade,
- Colaborar cos titores/as no **desenvolvemento das titorías**.
- Impulsar a **xunta de delegados** coma órgano de canalización da participación do alumnado nas decisións do centro, establecendo un protocolo para o seu funcionamento que sexa incorporado ao PAT.
- **Atender de forma individualizada** ao alumnado e as familias que o demanden, e levar a cabo un rexistro das entrevistas.
- Elaborar, en colaboración coa administración do centro, unha **relación de alumnado con proxenitores separados**, deixando constancia da situación de tutela, garda custodia e patria potestade.
- Colaborar cos/coas titores/as na preparación e desenvolvemento das **sesións de avaliación**.
- **Colaborar coas familias** do alumnado, mediante a participación dos membros do departamento de orientación nas actividades nas que estean implicada a ANPA do IES.

c. Concreción do Plan de Acción Titorial (PAT) para o curso 2022/2023

1º ESO:

- Obradoiro de habilidades sociais (HH.SS), máis unha sesión de competencia emocional, a cargo do técnico municipal de prevención (Alberto Casqueiro).
- Formación en estratexias de axuda entre o alumnado (alumnado axudante), dentro dos Contratos-Programa. 2º trimestre.

2º ESO:

- Obradoiro de prevención do consumo de alcol, tabaco e drogas, máis unha sesión de competencia emocional, a cargo do técnico municipal de prevención (Alberto Casqueiro).

3º ESO:

- Obradoiro de educación afectivo-sexual, máis unha sesión de competencia emocional, a cargo do técnico municipal de prevención (Alberto Casqueiro).
- Obradoiro de convivencia en coordinación coa persoa titora.
- Preparación da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio para o alumnado que cumpra os requisitos.
- Charla de orientación académica para as familias do alumnado, en colaboración co departamento de FOL.

4º ESO:

- Obradoiro sobre o vínculo amoroso, máis unha sesión de competencia emocional, a cargo do técnico municipal de prevención (Alberto Casqueiro).
- Obradoiro de convivencia en coordinación coa persoa titora.
- Preparación da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio para o alumnado que cumpra os requisitos. Preferentemente o alumnado que cursa polo itinerario de ensinanzas aplicadas.
- Charla de orientación académica para as familias do alumnado, en colaboración co departamento de FOL.

1º FPB:

- Obradoiro de educación afectivo-sexual, máis unha sesión de competencia emocional, a cargo do técnico municipal de prevención (Alberto Casqueiro).
- Preparación da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio para o alumnado que cumpra os requisitos.
- Obradoiro de convivencia en coordinación coa persoa titora.
- Titoría en FP Básica a cargo do profesorado do Dpto de FOL.

2º FPB:

- Obradoiro sobre o vínculo amoroso, máis unha sesión de competencia emocional, a cargo do técnico municipal de prevención (Alberto Casqueiro).
- Obradoiro de convivencia en coordinación coa persoa titora.
- Preparación da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio para o alumnado que cumpra os requisitos.

1º Bacharelato:

- Charla de orientación académica para o alumnado.
- Charla de orientación académica, en colaboración do departamento de FOL, para as familias do alumnado: "A Universidade e a FP de Grao Superior".
- Preparación da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior para o alumnado que cumpra os requisitos.

2º Bacharelato:

- Charla de orientación académica para o alumnado.
- Charla de orientación académica para as familias do alumnado.
- Visita ao campus de Marcosende e Pontevedra da Universidade de Vigo.
- Visita ao campus de USC dentro do Programa Ponte.
- Charla sobre a ABAU e o acceso a universidade por parte de CIUG.

EBI, ESA e Formación Profesional de Grao Medio e Superior:

- Sesións de presentación do departamento de orientación ao alumnado de adultos.
- Atención personalizada ao alumnado de adultos por parte dos orientadores educativos do centro.
- Preparación da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio para o alumnado que cumpra os requisitos.
- Actuacións informativas / formativas por parte da orientadora educativa do centro.

- Actuacións informativas / formativas por parte de recursos socio-laborais da contorna.

Varias etapas ou niveis:

- Atención individualizada ao alumnado e/ou as súas familias por parte dos orientadores educativos do centro.
- Colaborar, coas demais xefaturas dos departamentos de orientación dos centros públicos de secundaria do Morrazo, no deseño dun “Plan comarcal para a prevención das adiccións a través das tecnoloxías: videoxogos e apostas on-line”.
- Promover actuacións formativas para o profesorado en colaboración co Concello e/ou as demais xefaturas dos departamentos de orientación do Morrazo, sobre temas como: Identidade de xénero, Indicadores de abusos sexuais na infancia...

IV.4. Convivencia.

a. Descrición do ámbito.

O ámbito de apoio a mellora da “convivencia” nos centros adquiriu unha maior relevancia a partir da publicación do *Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, en materia de convivencia escolar*, e da publicación en setembro de 2015 da Estratexia Galega de Convivencia Escolar (**EDU CONVIVES**), ao abeiro do Decreto anteriormente citado.

A convivencia está directamente relacionada coas tres áreas de intervención anteriores:

- Procesos de ensino-aprendizaxe, xa que o clima de convivencia na aula e no centro favorece ou dificulta a aprendizaxe do alumnado
- Atención á diversidade, xa que as actuacións a prol dunha convivencia positiva son actuacións e medidas de carácter ordinario que os centros deben promover para atender á diversidade do alumnado (arts. 6 e 8 do *Decreto 229/2011*).
- coa acción tutorial, xa que a acción orientadora que desenvolve cada un/unha dos/as docentes co seu alumnado procura, entre outros aspectos, ensinar a relacionarse e convivir.

A convivir apréndese, polo que é necesario deseñar actuacións para ensinar a relacionarse e resolver os conflitos.

Non podemos deixalo ao chou, nin outorgarlles toda a responsabilidade ás familias. É un asunto que tamén nos compete. Convivir está directamente relacionado coa vida en sociedade e coa necesidade de traballar dende as diferenzas existentes en prol dunha vida harmoniosa en comunidade. Habilidades como a comunicación, asertividade, empatía, planificación, tolerancia, ... son esenciais para unha convivencia positiva, para o desenvolvemento e a satisfacción persoal dos cidadáns. A educación debe promover aprendizaxe, pero non so no ámbito cognitivo, senón tamén no emocional e social, este é un reto fascinante, e dende a orientación queremos contribuir a el.

O Plan de convivencia que está incorporado ao Proxecto educativo do noso centro recolle a necesidade de promover un clima de convivencia positivo. Polo promoveremos os sistemas de axuda e a colaboración entre o alumnado.

Segundo o “Documento de dúbidas razoables sobre o traballo en orientación” presentado polo Servizo de Inspección Educativa nos V Encontro entre DOs e EOE celebrado o 25 de febreiro de 2016 en A Coruña, “o papel do DO en canto á convivencia no centro é o de:

- *Asesorar á comisión de convivencia no desenvolvemento das súas funcións.*
- *Colaborar na elaboración do plan de convivencia e das NOFC.*
- *Colaborar nas accións de mediación escolar.*
- *Colaborar nos procedementos disciplinarios (conciliado e común).*
- *Desenvolver un programa de habilidades sociais dirixido, especialmente, ao alumnado que asista á aula de convivencia inclusiva”.*

b. Obxectivos e accións prioritarias.

Ademais, dende este ámbito de intervención, débese:

- Incorporar contidos no **currículo** e na acción titorial que traballen contidos, habilidades, destrezas e actitudes directamente relacionados directamente coa convivencia positiva.
- **Colaborar** no funcionamento da aula de convivencia inclusiva.
- **Revisar** e/ou actualizar o Programa de habilidades sociais (HHSS), o Protocolo de actuación da aula de convivencia inclusiva, o Protocolo de Mediación escolar (aprobado no curso 2013/2014) e o Plan de acollida ao alumnado novo.
- Colaborar co equipo directivo dentro da liña 4 dos **Contratos-Programa: CON-VIVE**.

- Promover a **reflexión compartida** sobre a convivencia no centro e as medidas que é necesario desenvolver.
- Impulsar nas aulas a cohesión grupal e a adopción no proceso de ensino-aprendizaxe de **estruturas cooperativas**.
- Promover o traballo por proxectos mediante a **aprendizaxe-servizo**.
- Conectar o centro coas necesidades da **contorna** e das **familias**.
- Crear **redes** de colaboración entre profesionais e centros que traballen a prol do desenvolvemento dunha convivencia positiva nos centros.
 - Retomar, se é posible, charlas formativas de Convivencia formado por alumnado:
 - 1º ESO: alumnado axudante.
 - 2º ESO: alumnado axudante.
 - 3º ESO: alumnado axudante.
 - Asistencia con alumnado aos Encontros de centros por unha convivencia positiva.
 - Desenvolvemento do Plan de Transición de EP á ESO.

IV.5. Orientación académica e profesional

a. Descrición do ámbito.

A orientación académica e profesional pretende que o alumnado adquira un coñecemento das súas capacidades e intereses, e das posibilidades académicas e laborais que existen na súa contorna máis próxima, que adquira a capacidade de tomar decisións fundadas, e que planifique de xeito realista como quere que sexa o seu futuro a medio e longo prazo. A orientación académica e profesional é un proceso fundamental para o alumnado da ESO, Bacharelato e FP. É un ámbito directamente relacionado coa competencia clave de “Sentido da iniciativa e espírito emprendedor”.

b. Obxectivos e accións prioritarias.

O **Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP)** é un documento que establece a posibilidade de axustar as finalidades nel recollidas ás necesidades detectadas e as prioridades de cada curso escolar que, para o curso 2022/2023, son as seguintes:

- Continuar reduciendo a percepción existente no alumnado e/ou nas súas familias sobre que a Formación Profesional é un itinerario “de segunda”.
- Fomentar que **a comunidade educativa no seu conxunto** asuma a responsabilidade da orientación profesional e preparación para a vida activa de todo o alumnado.
- Colaborar co profesorado no establecemento de relacións entre as súas **programacións** cos contidos de carácter profesionalizador.
- Promover un **enfoque investigador-activo** do alumnado en relación coa información académica e profesional e as diferentes alternativas existentes.
- Favorecer un **contacto máis directo** do alumnado coas súas futuras alternativas.
- Implicar a participación do profesorado e/ou os departamentos con **materias de opción ou optativas** nalgunha sesión de titoría ou, no seu defecto, que os departamento didácticos fagan unha breve descrición das materias que poden ser obxecto de elección por parte do alumnado.
- Mellorar o asesoramento ao alumnado e as súas familias en relación coa **FP Básica**.
- Incrementa-lo coñecemento da oferta de estudos de **régime especial** que existen en Galicia.
- Orientar ás persoas demandantes de información sobre o procedemento do recoñecemento e **acreditación de competencias profesionais**.
- Favorecer o **éxito académico**, xa que este redunda na autoestima e nas expectativas de autoeficacia, aspecto que favorece a toma de decisións fundamentadas e exerce como factor de protección para o alumnado no momento das transicións.
- **Incorporar ás actuacións previstas** do ámbito académico-profesional na planificación das sesións de titoría e actividades complementarias e extraescolares.
- Promover, que o equipo docente colabore cos titores da ESO no asesoramento ao alumnado sobre futuro profesional e na elaboración do **Consello Orientador**, que será entregado ás familias ao finalizar cada un dos cursos da etapa (LO 3/2021, RD 217/2022 e Resolución 26 de maio 2022).
- Reducir a tendencia do alumnado a realizar unha **elección sexista de itinerarios** académicos e profesionais, non baseada nas súas aptitudes persoais e académicas.
- Promover a incorporación do ámbito académico e profesional nas actividades formativas nas que participen as

familias do alumnado.

- Promover un **maior contacto e intercambio** entre o noso DO e os DOs/DIOPs dos posibles centros receptores do alumnado para cursar outros ciclos de FP.
- **Incorporar ao Servizo Público de Emprego** de referencia dentro dos servizos que debe coñecer o alumnado; sobre todo respecto a: inscrición como demandante de emprego, orientación profesional, actividades formativas...
- Elaborar un **plan de actuacións específico para o alumnado que está en réxime de adultos**.
- **Colaboración con determinados departamentos** didácticos do centro (educación física, música, educación plástica, ...) co obxectivo de proporcionar información ao alumnado sobre os períodos e realización das probas de acceso a determinados estudos (Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, así como a estudos de Réxime Especial).

c. Concreción do Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP).

A maior parte das actuacións nas que se concreta o POAP para o curso 2022/2023 forman parte da concreción do PAT (ver apartado IV.3.c da presente programación).

Non obstante, algúns aspectos específicos da orientación académica e profesional para o presente curso serán:

- Dar unha atención personalizada ao alumnado, particularmente de adultos, cun horario de atención fixo e a realización de entrevistas individualizadas, orientadas á elaboración do seu itinerario profesional de procura de emprego, autoemprego e as posibilidades de reorientación profesional.
- Coordinacións co Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG). Dúas coordinacións anuais.
- Coordinacións cos Servizos de Inserción Laboral para persoas con discapacidade: COGAMI, DOWN (Vigo), ONCE, ...
- Exercer como punto de información na convocatoria de acreditación de competencias profesionais.
- Colaboración nos procesos de cambio de modalidade no bacharelato.
- Difundir, en colaboración co departamento de educación física, o calendario das probas físicas para o acceso ao Grao de Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Universidade de Vigo e da Universidade de A Coruña.
- Colaboración co profesorado titor na elaboración do consello orientador para o alumnado da ESO.

- Realizar charlas de orientación académica en todas as aulas a partir de 3º da ESO.
- Facer un rexistro, ano a ano, do alumnado que cursa polo itinerario de ensinanzas aplicadas.

IV.6. Traballo en Redes de colaboración

a. Descrición do ámbito

Este ámbito vén a recoller o traballo que dende o departamento de orientación se desenvolve en colaboración con outros axentes, servizos e institucións. Este traballo en rede é un dos principios psicopedagóxicos e deontolóxicos da orientación educativa (COPOE 2015), polo que é un xeito de actuar en calquera dos ámbitos anteriormente descritos.

O traballo en rede é un traballo mellor, xa que enriquece e favorece a coherencia e a integridade da intervención educativa que recibe o alumnado. O traballo en rede require esforzo, tempo e compromiso, polo que deben estar programadas as coordinacións e as actuacións conxuntas entre os diferentes axentes e entidades. Por todo isto, debemos contribuír a unha adecuada colaboración entre os integrantes da comunidade educativa (profesorado-alumnado-familia), así como entre a comunidade educativa e o entorno social.

O traballo en rede é fundamental para calquera centro educativo pero o tecido da nosa rede comeza no noso **departamento**. Consideramos de esencial importancia acordar criterios comúns, intercambiar coñecementos e opinións, e convir entre todos as decisións. A partir de aquí, ampliamos a nosa colaboración aos nosos compañeiros docentes, equipo directivo e comunidade. Só así acadaremos unha aprendizaxe verdadeiramente funcional e significativa, e só así aproveitaremos todo o potencial educativo da sociedade. Consideramos de vital importancia a colaboración estreita con:

- Os centros adscritos: CEIP A Rúa e CEIP Castrillón. E o CEIP Nazareth do que tamén recibimos un número importante de alumnado.
- Outros centros educativos, sobre todo cos que forman parte dos municipios do Morrazo.
- O Equipo de Orientación Específico provincial.
- O Servizo de Inspección Educativa.
- A administración local. Especialmente cos técnicos dos servizos sociais municipais e da concellería de educación.

- Asociacións culturais e veciñais.
- Outros servizos comunitarios (sanitarios, ...).
- Outros/as orientadores/as e membros de departamentos de orientación, especialmente os do Morrazo.
- Os colectivos profesionais da orientación educativa: APOEGAL, APEGA, COPG sección educativa, orientagalicia.blogspot.com, convivesenlaescuela.blogspot.com...
- Gabinetes e recursos externos que traballan aspectos relacionados coa educación formal e non formal.
- Servizo público de emprego e outros recursos sociolaborais.
- Universidades públicas galegas.

b. Obxectivos e accións prioritarias

- Promover a agrupación de diferentes centros educativos para a realización conxunta de proxectos de innovación.
- Colaborar, coa persoa representante dos departamentos de orientación de secundaria de Cangas, na abordaxe dos asuntos que sexan tratados na “Mesa de traballo socio-educativa do Concello de Cangas”.
- Asistir as xuntanzas de xefes/as de departamentos de orientación dos centros públicos de Cangas, que convoca a administración local.
- Ter unha sesión semanal de coordinación coa Vicedirección ou coa Xefatura de estudos do centro (mércores a 4ª hora).

V. Avaliación do Plan: procedemento, instrumentos, criterios e indicadores

No caso do Departamento de Orientación, entendemos a avaliación coma un **proceso de recollida de información e a súa valoración, coa finalidade de tomar de decisións que permitan mellorar a eficacia do proceso orientador**. A avaliación en orientación ten carácter continuo (inicial, procesual e final) e está integrada en cada momento e actuación, aínda que debemos planificar accións específicas que aporten rigor, transparencia e sistematicidade.

O art. 15.2 da *Orde de 24 de xullo de 1998*, sobre organización e funcionamento da orientación educativa, establece que “á vista das actas e dos informes de tódolos centros adscritos, ó final de curso o DO realizará unha memoria na que se recollerán polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio,

se procede, na realidade educativa.

b) Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel”.

O **procedemento** para avaliar a presente planificación será mediante as reunións ordinarias do DO, incluíndo o seguinte punto na orde do día: “Seguimento do desenvolvemento do plan do departamento”. Ademais, na segunda metade do último trimestre a xefatura do DO comezará a redactar un primeiro borrador da memoria.

Algúns dos **instrumentos** para realizar a avaliación do plan serán: as actas das reunións do DO, os registros sobre as actuacións realizadas (entrevistas, informes, material adquirido, número de seguimentos, etc...), as valoracións proporcionadas polo equipo directivo e demais membros do claustro, e o grao de cumprimento das actuacións programadas.

Os **criterios de avaliación** son referentes que “*responden ao que se pretende acadar*” e están redactados en congruencia cos obxectivos inicialmente propostos. No caso do Departamento de Orientación serán os seguintes:

- Crear unha rede de colaboración entre os diferentes axentes sociais.
- Conectar o centro coa súa contorna social e laboral.
- Informar ás familias e traballar en complementariedade con elas.
- Actualizar os documentos institucionais do centro.
- Crear un clima de convivencia positivo no centro.
- Colaborar e asistir ao equipo directivo.
- Detectar as necesidades educativas do alumnado.
- Adaptar o ensino ás necesidades do alumnado.
- Mellorar o rendemento académico do alumnado.
- Incrementar as competencias clave entre o alumnado.
- Ser un axente promotor de innovación e mellora continua.
- Asumir de forma colexiada as decisións do DO.

Os indicadores de logro son *preguntas que serven para reflexionar sobre a propia práctica*, esta reflexión deberá centrarse nos elementos recollidos na presente programación:

- As necesidades detectadas e recollidas no plan son realmente as máis prioritarias?
- Os obxectivos do plan responden ás características e necesidades do noso centro e da súa contorna?
- Todos os membros do DO participan activamente no seu funcionamento?
- O clima de traballo no DO e de colaboración entre os seu membros é satisfactorio?
- O plan anual guía os asuntos que son abordados nas reunións do DO?
- As áreas de intervención nas que se estrutura o plan incorporan todas as actuacións que desenvolven todos os integrantes do DO?
- Realizáronse a maior parte das actuacións programadas?
- A innovación é un compoñente fundamental dos programas de intervención?
- A avaliación do plan é rigorosa e está incorporada á planificación?
- A avaliación do plan ten en consideración tanto o previsto avaliación na súa redacción como o non previsto?
- Incorporouse bibliografía actualizada e fontes útiles ao noso banco de recursos?
- A redacción da memoria incorpora tanto propostas de mellora como de consolidación?

En Cangas, 7 de setembro de 2022

Asdo.:Alexandre Bermúdez Iglesias

Xefatura do Departamento de Orientación